



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

☎ 881880886

CEIP CAMPOMAIOR - ORDES

@ ceip.campomaior@edu.xunta.gal

🌐 www.edu.xunta.gal/centros/ceipcampomaior/

📍 Travesa de Campomaior s/n 15680 ORDES (A CORUÑA)

PROGRAMACIÓN DE PLÁSTICA

1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

MESTRA: M^a ESTHER RODRÍGUEZ VELASCO.

SECCIÓNS BILINGÜES.

CEIP. CAMPOMAIOR (ORDES).

CURSO 2021-2022



ÍNDICE.

- INTRODUCCIÓN.**
- XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO. CONTEXTUALIZACIÓN.**
- OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN PRIMARIA.**
- OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA DE PLÁSTICA EN 1º DE EP.**
- DESCRITORES.**
- CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS
COMPETENCIAS BÁSICAS.**
- ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS.**
- CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS XERAIS
QUE SE VAN UTILIZAR NA ÁREA.**
- METODOLOXÍA.**
- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.**
- CRITERIOS DE AVALIACIÓN.**
- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.**
- EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO.**
- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.**
- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.**
- TEMPORALIZACIÓN.**
- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**
- POSIBLES ESCENARIOS EN FUNCIÓN DA SITUACIÓN SANITARIA:
ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL.**
- AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA:
-MECANISMOS DE REVISIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN.**

XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO.



Normativa que o sustenta.

- *Orde do 12 de maio de 2011, pola que se regulan as seccións bilingües en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia e establece o procedemento de incorporación de novas seccións bilingües en centros sustentados con fondos públicos de ensino non universitario.*
- *RESOLUCIÓN de 25 de abril da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se fai pública a convocatoria para a incorporación de novas seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario para o curso 2017/18)*

Etapa. Área. Curso.

Esta programación dentro do Proxecto das Seccións Bilingües vaise desenvolver na área de Educación Plástica, nos dous grupos do primeiro nivel de Educación Primaria integrados por 38 nenos e nenas en total. A sección sería implementada por unha mestra especialista en Inglés, que imparte esta materia en 4º e 5º de Ed. Infantil, e nos cursos de 1º, 2º e 3º de Primaria. Asumiría, ademais, a función de coordinadora.

Plantexamento pedagógico-didáctico.

1. Relación entre características evolutivas do alumnado e desenvolvemento da programación:

-Comprensión e dominio de conceptos en fase de desenvolvemento nos nenos/as desta idade. A programación en Educación Plástica permitirá a realización do traballo máis relaxado, sen presións pola imposición de un currículo de conceptos lingüísticos. Esta área contén unha carga importante de diálogo, instrucións orais, léxico abundante, específico e redundante en material visual, con importantes connotacións de carácter lúdico que benefician o desenvolvemento da linguaxe.

-Características evolutivas, nestas idades, favorecedoras de aprendizaxe activa, participativa e motivadora que facilitan un desenvolvemento integral das capacidades xerais dos nenos e nenas.

-Avance progresivo de autonomía persoal, que incentiva os hábitos de traballo necesarios para a adquisición de novos conceptos.

-Comezo de forma sinxela e divertida na aprendizaxe do idioma estranxeiro, limitando a frustración ou rexeitamento polas actividades específicas da materia propia da lingua estranxeira.

2. Consideración da importancia do dominio da lingua inglesa na actualidade.



- A implantación desta programación permita o uso dese idioma nun contexto diferente ó da área ordinaria, especialmente a nivel de comunicación oral, ampliando e profundizando no currículo da materia. Isto debe redundar na mellora progresiva da competencia lingüística en lingua estranxeira, incorporándose paulatinamente, de ser posible, desde primeiro de Primaria a niveis sucesivos.
3. Continuidade da metodoloxía iniciada en Ed. Infantil
- Disposición de coñecementos mínimos da lingua inglesa por parte do alumnado, moi básicos e necesarios para aproveitar en grao satisfactorio a Sección Bilingüe.
4. Maior aproveitamento das posibilidades que ofrecen as dotacións actuais do centro (TIC, material bibliográfico,...).

CONTEXTUALIZACIÓN.

A presente programación que expoño a continuación, desenvólvese nun marco legislativo de transición entre a Lei Orgánica 1/ 1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, e a nova Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación, que de acordo có Real Decreto 806/ 2006, de 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do Sistema Educativo establecida na LOE cambiado pola nova lei LOMCE.

Así mesmo, o referente inmediato desta programación será Proxecto Curricular de centro no cal inclúense Proxectos de Centro nos que participamos todos os docentes motivando aos / as nenos/as de cara á lectura e as outras actividades. A Plástica de 1º de EP neste curso será impartida dentro do Proxecto das Seccións Bilingües do centro.

En canto ao grupo de alumnos/as ao cal remítese esta programación de Plástica, estaría formado por nenos e nenas de de 6 anos, agrupados en dúas unidades de 1º de EP.

Son 38 nenos e nenas que xa recibiron ensinanza de Inglés en Educación Infantil e neste curso 2021-2022 recibirán a ensinanza de Plástica en Inglés dentro do Proxecto das Seccións Bilingües.

O Ceip Campomaior é un centro que escolariza alumnos de Educación Infantil e alumnos de Educación Primaria.

Está situado nun entorno semiurbano, na rúa Travesía de Campomaior s/n ,15680, e pertence ao concello de Ordes (A Coruña).O nivel socioeconómico e cultural das familias é medio / medio-baixo, e nel predominan os pais/nais con estudos primarios. A maioría dos nenos/nenas son galego falantes.

O horario lectivo do centro é de luns a venres en xornada continua de 9:30 a 14:30.

A organización e funcionamento do centro axustarase ó disposto no D. 374/1996 e na O. do 22 xullo de 1997.

OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN PRIMARIA.

A Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e as nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo , así como actitudes de confianza nun mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, a curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no medio familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non discriminación de persoas con discapacidade.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado as linguas galega e castelá, e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas, e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e acultura.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e a comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

☎ 881880886

CEIP CAMPOMAIOR - ORDES

@ ceip.campomaior@edu.xunta.gal

🌐 www.edu.xunta.gal/centros/ceipcampomaior/

📍 Travesa de Campomaior s/n 15680 ORDES (A CORUÑA)

OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA DE PLÁSTICA DE 1º EP.

1. Manipular programas informáticos para elaborar debuxos simples.
2. Traballar a imaxe fotográfica buscando a realidade representada nela.
3. Coñecer os diferentes tipos de liñas e representalas.
4. Coñecer e representar as figuras xeométricas (círculo, cadrado, rectángulo e triángulo).
5. Xerar series de composicións modulares sinxelas.
6. Encontrar na súa contorna próximas representacións de simetrías.
7. Identificar o punto como elemento esencial da forma en diferentes producións.
8. Situar no espazo do soporte facilitado as creacións propias.
9. Coñecer diferentes tons e xerar variacións de luminosidade nestes.
10. Identificar representacións planas e de volume das formas.
11. Gozar realizando creacións artísticas propias.
12. Aceptar as críticas aos produtos propios e aprender a valorar os dos outros.
13. Mostrar confianza nas propias capacidades creativas.
14. Gozar das propias obras feitas de xeito individual, e das dos outros ou en grupo.

DESCRITORES.

COMPETENCIA	INDICADORES	DESCRITORES
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía</i>	Coidado do contorno ambiental e	<ul style="list-style-type: none"> • Interactuar co medio natural de xeito respectuoso. • Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible. • Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu contorno.
	Vida saudable	<ul style="list-style-type: none"> • Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico. • Xerar criterios persoais sobre a visión social da estética do
	A ciencia no día a día	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá. • Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante. • Manexar os coñecementos sobre <i>ciencia e tecnoloxía</i>
	Manexo de elementos matemáticos	<ul style="list-style-type: none"> • Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto. • Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...)
	Razoamento lóxico e resolución de problemas	<ul style="list-style-type: none"> • Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia. • Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico- matemáticos. • Aplicar as estratexias de resolución de problemas a



<i>Comunicación lingüística</i>	Comprensión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> • Comprender o sentido dos textos escritos. • Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións... • Gozar coa lectura.
	Expresión: oral e escrita	<ul style="list-style-type: none"> • Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo de información. • Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.
	Normas de comunicación	<ul style="list-style-type: none"> • Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor... • Manexar elementos de comunicación
	Comunicación noutras linguas	<ul style="list-style-type: none"> • Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta. • Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos. • Utilizar os coñecementos sobre a lingua
<i>Competencia dixital</i>	Tecnoloxías da información	<ul style="list-style-type: none"> • Empregar distintas fontes para a busca de información. • Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
	Comunicación audiovisual	<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas. • Comprender as mensaxes que veñen dos
	Utilización de ferramentas dixitais	<ul style="list-style-type: none"> • Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. • Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo.
	Respecto polas manifestacións culturais propias e	<ul style="list-style-type: none"> • Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural. • Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural. • Apreciar os valores culturais do



<i>Conciencia e expresións culturais</i>	Expresión cultural e artística	<ul style="list-style-type: none"> • Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos. • Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.
<i>Competencias sociais e cívicas</i>	Educación cívica e constitucional	<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer e aplicar dereitos e deberes no contexto da escola. • Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático.
	Relación cos demais	<ul style="list-style-type: none"> • Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
	Compromiso social	<ul style="list-style-type: none"> • Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores. • Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela. • Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades. • Involucrarse ou promover accións cun fin social.



<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor</i>	Autonomía persoal	<ul style="list-style-type: none"> • Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias. • Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
	Liderado	<ul style="list-style-type: none"> • Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos. • Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
	Creatividade	<ul style="list-style-type: none"> • Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema. • Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.
	Emprendemento	<ul style="list-style-type: none"> • Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos. • Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas. • Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos.
<i>Aprender a aprender</i>	Perfil de aprendiz	<ul style="list-style-type: none"> • Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas... • Desenvolver as distintas intelixencias múltiples. • Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe. • Xerar estratexias para aprender en distintos...
	Ferramentas para estimular o pensamento	<ul style="list-style-type: none"> • Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente... • Desenvolver estratexias que favorezan a...
	Planificación e avaliación da aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> • Planificar os recursos necesarios e os pasos a realizar no proceso de aprendizaxe. • Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.



CONTRIBUCIÓN DA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Descrición do modelo competencial.

Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e unha reconfiguración dos contidos desde un enfoque de aplicación que permita o adestramento destas. As competencias non se estudan, nin se ensinan, adéstranse. Para iso, xeraremos tarefas de aprendizaxe onde favorezamos nos alumnos a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Abordar cada competencia de xeito global en cada unidade didáctica ou traballo é inabarcable polo que cada unha se estrutura en indicadores, grandes pilares que permiten describirla dun xeito máis preciso. Podemos atopar entre tres e seis indicadores por competencia.

O indicador segue sendo aínda demasiado xeral, polo que o descompoñemos no que chamamos descritores da competencia que «describen» o alumno competente neste ámbito. Por cada indicador encontraremos entre tres e seis descritores redactados en infinitivo.

En cada unidade didáctica ou traballo concretaremos o descritor en desempeños competenciais redactados en terceira persoa de presente indicativo. O desempeño será o aspecto concreto da competencia que poderemos adestrar e avaliar de xeito explícito na unidade, será concreto e obxectivo e indícanos que debemos adestrar e observar nas actividades deseñadas.

Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto aplicable a toda materia e curso.

Respectando o tratamento específico nalgúns áreas, os **elementos transversais**, tales como, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse desde todas as áreas posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe dos alumnos sexa o máis completo posible.

Por outra parte, o desenvolvemento de **valores** presentes tamén en todas as áreas axudará a que os nosos alumnos aprendan a desenvolverse desde uns determinados valores que constrúan unha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir.

A diversidade de alumnos cos seus estilos de aprendizaxe diferente levaranos a traballar desde as **diferentes potencialidades** con que contan, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder dar resposta ás súas necesidades.

Na área de Plástica.

Na área de Plástica incidiremos no adestramento de todas as competencias de xeito sistemático facendo fincapé nos descritores máis afíns á área

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

O desenvolvemento desta competencia nesta área curricular permítenos entender, coñecer e investigar para internarse no coñecemento artístico permitindo o goce do plástico e estético desde un razoamento lóxico, utilizando elementos da devandita competencia.

Así mesmo, a tecnoloxía da información posibilitará ao alumnado desenvolver a súa capacidade artística.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Interactuar co medio natural de xeito respectuoso.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no medio natural e as repercusións para a vida futura.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e o exercicio físico.
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos...) en situación cotiás.
- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera materia.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.

Comunicación lingüística.

Esta competencia posibilitaranos dispoñer daquelas habilidades e actitudes que permiten acceder a distintas manifestacións, así como destrezas comunicativas para poder elaborar ideas e sentimentos propios e alleos sobre producións artísticas, sobre a realidade que nos envolve desde unha perspectiva estética. Trátase, polo tanto, de dotar os alumnos de ferramentas que faciliten a expresión e a comunicación para percibir, comprender e enriquecerse coas diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura utilizando o instrumento da linguaxe como medio de comunicación e expresión nas súas múltiples facetas.

Procuraremos adestrar polo menos un descriptor en cada unha das unidades didácticas.

Os descritores que utilizaremos serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Gozar coa lectura.
- Expresar oralmente de xeito ordenado e claro calquera tipo de información.

- Respeitar as normas de comunicación: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros en diversas situación comunicativas.
- Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiáns en distintos contextos.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación

Competencia dixital.

Esta competencia vai nos levar a que o alumnado aprenda a utilizar de forma responsable as posibilidades que o mundo dixital nos ofrece tamén para o desenvolvemento das capacidades artísticas no alumnado. Será fundamental dotar de ferramentas para crear producións propias e iso implica un coñecemento básico das distintas manifestacións culturais e artísticas.

Na área de Plástica adestraremos os seguintes descritores:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Conciencia e expresións culturais.

Esta competencia leva ó alumnado a que coñeza, comprenda, aprecie e valore de forma crítica aquelas manifestacións e expresións culturais que vaian atopando na súa contorna próxima e non tan próxima. Esixe valorar a liberdade de expresión, o dereito á diversidade cultural e a importancia do diálogo intercultural cós outros.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotiá.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas.

A área de Plástica ofrécenos a posibilidade de xuntar expresión artística e diversidade cultural, permítenos fomentar e canalizar realidades diversas da nosa sociedade que poden confluír no respecto e o aprecio da creatividade implícita de ideas, experiencias, e sentimentos a través de diferentes medios artísticos. Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en contornos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.



- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

A área de Plástica implica unha iniciativa e unha actitude de emprendemento xa que comporta en si mesma producir desde ideas, sentimentos, realidades propias ou alleas... planificar, axustar e avaliar os procesos necesarios para alcanzar uns resultados en calquera dos ámbitos.

Neste caso, os descritores a adestrar serían:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
- Priorizar a consecución de obxectivos de grupo a intereses persoais.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Atopar posibilidades na contorna que outros non ven.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

Aprender a aprender.

A área de Plástica lévanos a que a competencia de aprender a aprender favoreza cada unha das bases desta materia. A metodoloxía empregada nesta área está relacionada cunha parte de traballo colaborador e unha parte de traballo individual se falamos de producións propias do alumnado. Esta competencia lévanos a transmitirle ao alumnado a necesidade de perseveranza na aprendizaxe como elemento enriquecedor na vida persoal e social xa que será unha forma de adestrar o esforzo e as metas a curto, medio e longo prazo.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serían:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.



-Os obxectivos contribuirán ao desenvolvemento das competencias clave.

- O carácter troncal da Plástica fai que participe en todas as Competencias clave.

Competencia en comunicación lingüística (CCL).

Competencia matemática. e

Competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).

Competencia dixital (CD).

Competencia para aprender a aprender. (CPAA).

Competencias sociais e cívicas (SC).

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor(SIE).

Conciencia e expresións culturais (CEC).

- Desenvolver habilidades de percepción e de representacións plásticas mediante expresión de ideas e sentimentos, tomando como referencia a lingua inglesa.
- Facer uso da lingua inglesa a nivel básico dentro da aula, empregando vocabulario específico da materia de Educación Plástica.
- Entender e usar de maneira sinxela a lingua inglesa referida á linguaxe artística plástica.
- Recoñecer e empregar técnicas artísticas específicas, adaptando as medidas necesarias de atención á diversidade.
- Empregar vocabulario referido ás características das actividades realizadas e ós materiais propios da área de Educación Plástica.
- Identificar léxico relacionado imaxes artísticas.
- Expresar en lingua inglesa as propiedades máis básicas de diferentes producións artísticas sinxelas.
- Realizar producións plásticas con unhas determinadas características seguindo pautas expresadas en lingua inglesa.
- Usar axeitadamente os materiais.
- Empregar as TIC de xeito responsable.
- Respectar e valorar as calidades das creacións propias e alleas.
- Desenvolver a seguridade persoal na elaboración de obras propias.
- Fomentar o desenvolvemento da autoestima favorecendo a resolución exitosa.
- Favorecer a empatía e o traballo en equipo.

ORGANIZACIÓN E SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS.

Respectaranse os tres bloques de contidos establecidos para a materia no Decreto 105 de Educación Primaria:

- **Educación Audiovisual**: Utilizar as Tecnoloxías da Información e Comunicación de xeito responsable e sinxelo para a búsqueda e creación de imaxes: observación da obra dun artista de forma guiada, de xeito que esperte o seu centro de interese e se corresponda coas sensacións, emocións ou ideas evocadas por unha imaxe.

Bloque 1. Educación audiovisual.

Imaxe fixa: fotografía e debuxo.

Imaxe dixital: creación de imaxes sinxelas.

Expresión artística: Experimentar e explorar diferentes técnicas e materiais: técnicas de debuxo, collage, estampación, estarcido, modelado, sombreado...

Bloque 2. Debuxo xeométrico.

Tipos de liña: pechada/aberta, recta/curva, horizontal/vertical

Figuras xeométricas: círculo, cadrado, triángulo e rectángulo.

Regularidades e simetrías.

- **Debuxo xeométrico**: iniciarse no seu coñecemento e na utilización dos instrumentos e materiais adecuados e de xeito moi sinxelo.

Bloque 3. Expresión artística.

-O punto como elemento de configuración da forma.

- Composición: utilización do espazo.

-Identificación da cor.

Técnicas e materiais: as pinturas de xeito. Do plano ao volume.



Partindo, por tanto da normativa, establecemos os contidos de Educación Plástica adaptados ao nivel de 1º de Primaria:

- As pegadas gráficas: o punto, a liña e a mancha; execucións espontáneas e libres.
- Figuras e formas.
- Cores.
- Texturas visuais e táctiles: rugoso e liso.
- A cuadrícula.
- Obras de arte de diferentes artistas.
- Creatividade.
- Técnicas e materiais: Escenas bidimensionais (“collage”, sombreado e estampación) e tridimensionais (modelado).
- Formas xeométricas.
- Composicións plásticas: a orde dos elementos, a composición abstracta, a proporción, o movemento.
- A medida e tamaños.
- Deseño de letras e palabras.
- Tecnoloxía e imaxe: fotografía, fotocopias...

Contidos específicos da **Lingua Inglesa** de Primeiro:

- Vocabulario de aula: lapis, goma, afía, tesoiras, pegamento, regra, papel...
- Vocabulario relacionado coas cores, animais, roupa, números, comida, tempo meteorolóxico, ...
- Estruturas:
 - There is ... / There are ...
 - Presente Simple
- Expresións básicas de aula:
 - Have you got a ...? Yes, I have / No, I haven't.
 - Do you like ...? Yes, I do / No, I don't.
 - Can I go to the toilet? Can I sharpener, please?
 - Can you repeat that, please?
 - Can I have...?
 - Hand out the books.
 - Yes, of course / No, I'm sorry.
 - I don't understand.
 - My favourite picture is ...
 - Stand up / Sit down.
 - What's this ...?
 - Can you spell...?
 - I'm sorry / I'm late.
 - Good morning, good afternoon, good evening , good night.
 - Silent, please
 - It's time for ...
 - The senses: smell, touch ...

Deste vocabulario e algunhas estruturas xa teñen algún coñecemento oral previo por ser utilizado xa nas aulas de Inglés en Infantil.

CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS XERAIS QUE SE VAN UTILIZAR NA ÁREA.

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante. O docente pasa a ser un xestor de coñecemento dos alumnos e o alumno adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto **na área de Plástica:**

O proceso de aprendizaxe no ser humano non pode estar afastado do desenvolvemento das súas facetas artísticas que lle serven como un medio de expresión das súas ideas, pensamentos e sentimentos. Desde esta perspectiva, entender, coñecer e investigar desde idades temperás os fundamentos das devanditas linguaxes vai permitir ao alumnado o desenvolvemento da atención, a percepción, a intelixencia, a memoria, a imaxinación e a creatividade. Ademais, o coñecemento plástico permitirá o goce do patrimonio cultural e artístico, ao valorar e respectar as achegas que se foron engadindo a esta área. O alumnado do século XXI non pode estar afastado do coñecemento das tecnoloxías propias deste século; así pois, terá a posibilidade de aprender a utilizar, de forma responsable, as posibilidades que as tecnoloxías da información e a comunicación ofrecen para o desenvolvemento das capacidades artísticas no alumnado.

Debemos de ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais, polo que haberá que poñer en xogo diferentes habilidades para que o propio alumno coñeza onde residen as súas fortalezas.

Cada unha das fortalezas individuais do alumnado axudaranos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas desde a **Teoría das Intelixencias Múltiples** como posibilidade para que todo o alumnado chegue a adquirir todos aqueles aspectos que necesitan para poder desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Nesta área os alumnos iníciense no coñecemento e aprecio do feito cultural en xeral, polo que terán que formarse en habilidades e actitudes que permitan acceder a manifestacións artísticas que lles leven a poder desenvolver a súa capacidade crítica.

O **traballo en grupo colaborador** será unha forma de adestrar as diferentes habilidades e destrezas para chegar ao desexo e vontade de cultivar a propia capacidade estética e creadora cun interese por participar na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade coma doutras comunidades.

Os contidos da área de Plástica están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a un **contexto real**. Será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e aplícalo a proxectos reais próximos ao alumnado.

METODOLOXÍA.

Neste curso 2021-2022 non utilizaremos ningún cuadernillo nin libro de texto. Utilizaráranse por parte da profesora, como recursos, libros das distintas editoriais para programar as diversas actividades. Realizaráanse traballos axeitados e sinxelos tendo en conta a idade dos nenos e nenas, a dificultade do idioma na Plástica e os intereses dos alumnos e alumnas. Serán actividades que fomentarán a curiosidade dándolles un enfoque activo oral, escrito e participativo, e que fomentará unha aprendizaxe significativa. Será motivador, lúdico e promoverá o traballo individual e en equipo, e atenderá á diversidade e fomentando o interese tendo presente as distintas capacidades dos nenos e nenas da aula. Traballarase cun block de debuxo onde o alumnado realizará as actividades de mesa e outras, onde se poidan celebrar as festividades tanto da cultura inglesa como da nosa, realizándose pop-outs e diversos traballos manuais a modo de celebración. Tamén utilizaremos as novas tecnoloxías onde se poidan traballar e ver pinturas, contos e documentais relacionados...

Xerais

- Programación de acordo a:
- Relación coa contorna, progresión de contidos, variación de actividades, flexibilidade organizativa de espazos, tempo e agrupamentos aínda que coa presenza da Covid 19 isto adaptarse á situación actual.
- Uso de metodoloxía activa e participativa.
- Desenvolvemento da percepción e o razoamento.
- Intensificar a expresión oral.
- Promover o diálogo, a curiosidade, a creatividade e o interese por descubrir novas ideas e técnicas para a expresión plástica.

Recursos:

- Ambientais, especialmente decorativos.
- Variados, adaptados aos diferentes estilos de aprendizaxe
- TIC, en aula ordinaria e en Informática, tamén condicionado pola situación da Covid 19.
- Contos dixitais, libros de contos, cancións, flashcards, enlaces webs, fotocopiados, fotocopias, audios, pop outs, láminas, contidos dixitais, karaokes, Let's play, Lets's surf por Internet, canón, proxector, pizarra dixital, ordenador,... Recursos audiovisuais para adaptarse a las distintas motivaciones, intereses, estilos y ritmos de aprendizaje:
 - Cuentos digitales
 - Cancións
 - Audio
 - *Flashcards* digitales
 - Actividades interactivas
 - Enlaces web

- Presentacións visuales
- Fotocopiables

Metodoloxía xeral.

- Equilibrio inicial entre o uso do Galego/ Castelán/ inglés, que se manterá mentres sexa necesario, con aclaracións oportunas ás dificultades detectadas. Aumento progresivo da lingua inglesa, sempre de acordo ao progreso da totalidade dos grupos e respectando as medidas de atención á diversidade.
- Fomento da expresión oral do alumnado en lingua inglesa e da súa autoestima polos progresos acadados, identificando os erros como unha parte da aprendizaxe.
- Variabilidade nas situacións comunicativas dentro da aula de Educación Plástica: xogos, linguaxe corporal,...(limitados pola situación da pandemia).
- Interdisciplinidade coas demais materias, especialmente coa de Lingua Estranxeira.
- Responsabilidade co material propio e alleo. (Agora so propio dada a situación actual).
- Motivadora, que anime a crear.

Metodoloxía da materia de Educación Plástica.

- Explicación da actividade.
- Brainstorming (similar á reunión creativa ou asemblea de Infantil), con breve exposición de coñecementos previos.
- Aportación de ideas sobre materiais e técnicas posibles a empregar.
- Organización da tarefa a realizar.
- Expresións de sentimentos e opinións.
- Valoracións persoais das actividades individuais e grupais.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.

Con respecto ás actividades complementarias, convén reflexionar sobre estas catro cuestións:

- Conseguíronse os obxectivos propostos a partir das actividades realizadas?
- Como resultaron as actividades?
- Cales gustaron máis?
- Que propostas de mellora podemos sinalar?



CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Bloque 1. Educación audiovisual.

1. Identificar a representación da realidade en fotografías e debuxos valorando o diferente grao de iconicidade entre eles.
2. Utilizar programas informáticos sinxelos para a elaboración de debuxos simples.

Bloque 2. Debuxo xeométrico.

1. Identificar e diferenciar distintos tipos de liñas e posteriormente reproducilas.
2. Recoñecer as figuras xeométricas (círculo, cadrado, rectángulo e triángulo), debuxándoas a man alzada na elaboración de composicións sinxelas figurativas ou abstractas con elas.
3. Diferenciar a repetición por translación e simetría en composicións modulares sinxelas (series).
4. Analizar a simetría axial en diferentes representacións de elementos da vida cotiá.

Bloque 3. Expresión artística.

1. Identificar o punto como un elemento configurador da forma, tanto en obras artísticas coma en producións propias.
2. Utilizar o espazo do soporte facilitado nas súas creacións propias acomodando os seus debuxos a diferentes formatos.
3. Recoñecer diferentes tons e identificar variacións de luminosidade nestes.
4. Diferenciar entre a representación plana e volumétrica das formas.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

Bloque 1. Educación audiovisual.

- 1.1. Identifica a realidade nas fotografías.
- 1.2. Entende que un debuxo é unha representación da realidade.
- 1.3. Recoñece o diferente grao de iconicidade da realidade, da fotografía e do debuxo.
- 1.4. Realiza debuxos a partir de fotografías onde se distingue o obxecto ou realidade representada.
- 1.5. Utiliza programas informáticos para crear debuxos sinxelos e colorealos posteriormente.

Bloque 2. Debuxo xeométrico.

- 2.1. Diferenza entre unha liña aberta e outra pechada.
- 2.2. Debuxa liñas abertas e pechadas de xeito consecuente co seu significado.



2.3. Identifica nunha composición liñas horizontais e verticais.

2.4. Realiza debuxos de obxectos sinxelos e cotiáns utilizando liñas verticais e horizontais.

2.5. Distingue a diferenza entre as figuras xeométricas.

2.6. Constrúe figuras xeométricas a partir dos vértices facilitados previamente.

2.7. Recorta figuras xeométricas en papel previamente debuxadas cun equipo facilitado

polo docente e pégaas realizando unha composición con estas.

2.8. Analiza e repite estruturas modulares sinxelas (series) realizadas con cadrados de diferentes cores por translación e simetría.

2.9. Debuxa o eixe de simetría axial nunha imaxe dun elemento cotián.

Bloque 3. Expresión artística.

3.1. Coñece as posibilidades expresivas do punto como configurador da forma na arte,

en particular nas pinturas prehistóricas e nas obras do movemento puntillista.

3.2. Realiza composicións utilizando o punto para configurar diferentes formas.

3.3. Utiliza de xeito coherente todo o espazo facilitado para a realización dos seus debuxos.

3.4. Acomoda o que quere representar ao formato facilitado.

3.5. Nomea de xeito oral e escrito diferentes cores en imaxes facilitadas.

3.6. Distingue variacións lumínicas en cores que lle foron presentadas asociándoos cos

tons correspondentes.

3.7. Utiliza as pinturas de madeira nas súas composicións coñecendo as posibilidades

gráficas que ofrecen.

3.8. Realiza, a partir de formas planas, volumes sinxelos.

EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO.

Para rexistrar as evidencias de aprendizaxe vinculadas aos estándares utilizaremos portfolios de aprendizaxe na aula. Ao longo dos distintos traballos ou das distintas unidades didácticas iremos planificando a realización e a recollida de produtos que mostre o nivel de consecución do estándar e detalle a súa evolución ao longo do curso.



O portfolio é unha ferramenta que permite avaliar o proceso de aprendizaxe consistente fundamentalmente na recollida de evidencias da evolución do alumno; pode pautarse a recollida de evidencias ou deixar a ao alumno que seleccione cales quere mostrar. Cada evidencia leva unha reflexión engadida sobre o traballo realizado, as dificultades encontradas e os obxectivos de mellora persoal. O documento do portfolio pode realizarse en papel ou formato dixital.

No anexo de avaliación preséntase un posible guión para a súa realización.

As evidencias que podemos recoller na área de Ciencias da Natureza poden ser:

- Exercicios do libro ou da guía que traballen sobre os estándares definidos na unidade.
- Probas escritas ou debuxos que recollan os estándares de aprendizaxe.
- Produtos finais derivados de tarefas aplicadas en contexto real.
- Debuxos que representen aquilo que aprenderon.
- Diferentes ferramentas de auto e coavaliación do traballo realizado na aula.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.

Os criterios de cualificación serán fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias básicas, os obxectivos fixados e os estándares de aprendizaxe.

No primeiro trimestre, a principio de curso, realizarase una avaliación inicial que servirá de referencia para o desenvolvemento do currículo.

Ao longo do curso realizaránse tres avaliacións, informando por escrito ao alumno e aos pais das cualificacións obtidas.

Para proceder á avaliación dos estándares de aprendizaxe da área establecerémos uns procedementos e instrumentos de avaliación.

Os distintos estándares de aprendizaxe repartiránse en traballos, (ou unidades) en cada un dos trimestres. A avaliación será continua, e en cada trimestre valoraranse os traballos realizados no block ou as manualidades feitas. Ao finalizar o mesmo teránse en conta os traballos realizados e rematados, e outros procedementos de avaliación aplicados, tendo en conta os seguintes criterios de cualificación:

Ferramentas de avaliación do traballo competencial.	50%
Probas de avaliación escritas u traballos.	25%
Evidencias dos estándares de aprendizaxe.	25%
Cualificación total	100%



CRITERIOS DE AVALIACIÓN E PROMOCIÓN. CRITERIOS DE AVALIACIÓN MÍNIMOS.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Bloque 1. Educación audiovisual.	
1. Identificar a representación da realidade en fotografías e debuxos valorando o diferente grao de iconicidade entre eles.	1.2. Entende que un debuxo é unha representación da realidade.
	1.4. Realiza debuxos a partir de fotografías onde se distingue o obxecto ou realidade representado.
Bloque 2. Debuxo xeométrico.	
2. Recoñecer as figuras xeométricas (círculo, cadrado, rectángulo e triángulo), debuxándoas a man alzada na elaboración de composicións sinxelas figurativas ou abstractas con elas.	2.5. Distingue a diferenza entre as figuras xeométricas
Bloque 3. Expresión artística.	
2. Utilizar o espazo do soporte facilitado nas súas creacións propias acomodando os seus debuxos a diferentes formatos.	3.3. Utiliza de xeito coherente todo o espazo facilitado para a realización dos seus debuxos.
	3.4. Acomoda o que quere representar ao formato facilitado.
3. Recoñecer diferentes tons e identificar variacións de luminosidade nestes.	3.7. Utiliza as pinturas de madeira nas súas composicións coñecendo as posibilidades gráficas que ofrecen.

-Nota aclaratoria:

Os **Criterios de Promoción** desta materia serán establecidos a nivel de centro durante este curso escolar.



MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Suxerimos o uso dos materiais seguintes:

- Libros de Plástica de distintas editoriais.
- Block de debuxo.
- Lapis, goma de borrar, lapis de cores, rotuladores, témperas de cores variadas, pegamento, tesoiras, ceras brandas, goma de borrar e diversos tipos de papeis variados e de distintas cores, esponxas...
- Material reciclable: cortiza, tapóns de plástico, lá e un paus de madeira, rolo de papel de cociña e rolo de papel hixiénico, tetra brik, tapóns...
- Material dixital: vídeos e crebacabezas de obras de arte, actividades interactivas compositivas, actividades de técnicas plásticas con barra de ferramentas.
- Consulta de páxinas web e actividades de reforzo e ampliación para atender á diversidade do alumnado.
- Flashcards e posters.
- Recursos educativos, (Internet).
- Ordenador, encerado dixital, CDs e DVDs.
- Libros de lectura en Inglés...

TEMPORALIZACIÓN

Esta programación levarase a cabo durante o curso 2021-2022 nos dous grupos de 1º de Educación Primaria do centro. Adaptarase ao horario da Lei de Educación ,a LOMCE (LOMLOE), e este curso terá un horario de Plástica dunha sesión en cada aula de 1º. Sería unha sesión de cincuenta e cinco minutos para 1º A e outra sesión para 1º B.

Neste curso tamén contaremos cun auxiliar de conversa compartido co Ceip.Castelao de Ordes e que apoiará nas sesións de Plástica nas dúas aulas de 1º EP. Debido á Covid-19 incorporaráse ó noso centro a partires de febreiro.

Distribución das actividades:

Realizaráanse de xeito moi sinxela e flexible actividades diversas mediante fotocopias, debuxos, copiado, pegado, celebración de festividades da nosa cultura e da cultura inglesa. Aprenderemos cancións, chants, rutinas...O ritmo de traballo dos alumnos/as e a motivación marcarán a realización doutras actividades. Tamén neste curso excepcional algunhas actividades a realizar na materia de Plástica, como a aprendizaxe da cancións ,chants, movementos en grupo, etc...estarán condicionadas pola Covid 19 e a súa adaptación aos Protocolos e normativas, non cantando e non realizando actividades en grupo(s).



APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES.

Posto que este alumnado de 1º de EP non recibiu no curso anterior 2021-2021 dita materia de Plástica por atoparse en Educación Infantil, non hai aprendizaxes previas desta materia por parte do alumnado polo que no é necesario un plan de reforzamento e recuperación.

O alumnado de 1º iníciase este curso 2020-2021 nestes coñecementos e aprendizaxes e vanse facer as adaptacións necesarias das aquelas aprendizaxes imprescindibles que o alumnado precise para calquera dos escenarios en función da situación sanitaria que poidera xurdir.

En caso de ser necesario realizarase un plan de reforzo e recuperación para esta materia.

1º TRIMESTRE.

Traballarase segundo a evolución do alumnado nos tres trimestres incorporando novas actividades de coloreado, pegado, recortado, realizar manualidades e aprendizaxe de vocabulario e expresións orais, etc...

Neste 1º trimestre faremos actividades sinxelas e de xeito oral e aproveitando o vocabulario xa coñecido de Infantil, vocabulario novo e temas de Inglés como introducción.

2º TRIMESTRE

Realizaranse outras actividades de xeito flexible para reforzar a motricidade fina, a aprendizaxe de vocabulario traballado e algún proxecto motivador para axudar na súa aprendizaxe. Traballaremos tamén mediante fotocopias e realizando traballos manuais.

3º TRIMESTRE

Completarase con algún outro proxecto ou algúns traballos motivadores para eles así como algunhas actividades do terceiro bloque.

Traballaremos as seguintes festas da cultura inglesa, e tamén algunhas das celebracións da nosa cultura:

1º TRIMESTRE

HALLOWEEN

CHRISTMAS

2º TRIMESTRE

CARNIVAL

3º TRIMESTRE

SPRINGTIME / SUMMER.

Ao rematar cada actividade, proxecto ou traballos diversos valorarase as actividades realizadas.



MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Terase en conta a atención á diversidade de niveis, estilos e ritmos de aprendizaxe, de interese e capacidades do alumnado:

- **ADAPTACIÓN CURRICULAR (BÁSICA):** Os contidos nucleares da unidade didáctica ou traballos preséntanse de xeito máis pautado, con maior apoio gráfico, seguindo unha secuencia de aprendizaxe que facilita a adquisición de competencias por parte dos alumnos e alumnas.
- **PLANS INDIVIDUAIS** dirixidos a alumnos/as que requiren, (estranxeiros, incorporación tardía, necesidades educativas especiais e superdotación), con fichas de reforzó e / ou ampliación.
- **ACTIVIDADES MULTINIVEL:** que os alumnos e alumnas atopen, respecto ao desenvolvemento dun contido, actividades que se axustan ao seu nivel de competencia curricular, aos seus intereses, habilidades e motivacións.

Descrición do grupo despois da avaliación inicial

Número de alumnos:

- Funcionamento do grupo (falan moito, cambian con facilidade de Actividade,...):
- Que fortalezas identificas no grupo en canto ao desenvolvemento de obxectivos curriculares?
- Que necesidades identificas e como as vas abordar ? (*Planificación de estratexias*)
- *Metodolóxicas , xestión de aula, estratexias de seguimento da eficacia de Medidas...)*
- Que fortalezas identificas no grupo en canto a aspectos competenciais?



Necesidades individuais.

Cales son os alumnos que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe? *(Ter en conta os alumnos con necesidades educativas, con altas capacidades, e outras con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar...).*

Que medidas organizativas vas adoptar ? *(Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).*

- Que medidas curriculares vas adoptar? Que recursos vas a empregar?

-Que modelo de seguimento vas utilizar con cada un deles ?

-Cada canto e como vas avaliar os seus progresos ?

POSIBLES ESCENARIOS EN FUNCIÓN DA SITUACIÓN SANITARIA: ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E / OU NON PRESENCIAL.

En canto aos diferentes escenarios de ensinanza-aprendizaxe neste ano tan atípico, contémpanse tres supostos:

-Ensinanza presencial: desenvolveríase de maneira relativamente normal. Afectaría a actividades de rotación e traballo en grupo, que mentres dure esta situación sanitaria, non se poderían realizar e se adaptaron para facelas evitando contactos entre alumnos/as e movementos na aula.

-Ensinanza non presencial: mediante a aula virtual. Maioritariamente a mestra realizará vídeos coas explicacións, nas que o alumnado poderá ver á mestra, o libro e outros materiais na pantalla, de maneira que podan acceder a diferentes audios tanto da mestra como de outras fontes para traballar a parte oral da lingua inglesa. Tamén realizaranse debuxos e traballos con letra escrita, tanto en formato dixital como por escrito, ademáis de mandar audios para traballar a súa pronunciación. En caso de alumnado sen conectividade, procederase ao envío de material por outros sistemas como o correo electrónico , Whatsapp,etc...

-Ensinanza semipresencial: alternarase o ensino presencial co ensino a partir da aula virtual.



ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO E ALUMNADO CON DIFICULTADES POLA FENDA DIXITAL.

O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo recibirá atención especial por parte da docente tanto na aula presencial , semipresencial e / ou non presencial.

-AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA:

-MECANISMOS DE REVISIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN.

Neste apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento de programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica ou traballos propónse unha secuencia de preguntas que lle permitan ao docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade. De igual modo propoñemos unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto, pódese realizar ao final de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte cadro.

ASPECTOS QUE AVALIAR	DESTACAR...	MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos na unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			



Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			

Esta programación será flexible, axeitada a cada curso e revisable en función do alumnado e dos resultados. O seguimento da programación anual realizarase principalmente en tres momentos:

Ao finalizar cada traballo ou unidade didáctica, trimestralmente e anualmente.

Terase en conta:

- Seguimento da temporalización.
- Consecución dos niveis mínimos de logro dos estándares de aprendizaxe traballados.
- Dificultades acaecidas.
- Resultados específicos dos procedementos e instrumentos de avaliación.

Unha vez analizados estes indicadores, realizaranse modificacións na programación que poden suponer:

- Unha modificación da metodoloxía empregada.
- Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Modificacións na temporalización.
- Deseño de medidas correctoras para corrixir as dificultades.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

☎ 881880886

CEIP CAMPOMAIOR - ORDES

@ ceip.campomaioir@edu.xunta.gal

🌐 www.edu.xunta.gal/centros/ceipcampaioir/

📍 Travesa de Campomaioir s/n 15680 ORDES (A CORUÑA)



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

☎ 881880886

CEIP CAMPOMAIOR - ORDES

@ ceip.campomaioir@edu.xunta.gal

🌐 www.edu.xunta.gal/centros/ceipcampaioir/

📍 Travesa de Campomaioir s/n 15680 ORDES (A CORUÑA)